



O FESTIVAL ATLÁNTICA RETOMA A ACTIVIDADE EN SANTIAGO E TEO CUNHA QUINCENA DE ESPECTÁCULOS

- **Victoria Siedlecky, Carme Varela, Anxo Moure, Celso Fernández Sanmartín, Dani Blanco e Félix Albo** participan na xornada do xoves en Santiago
- **En paralelo, Atlántica continúa programando espectáculos noutros concellos de Galicia**

Santiago, 6 de xullo do 2022.- Logo dun breve descanso, o Festival Atlántica afronta a súa segunda metade con novos espectáculos por todo o país. No caso concreto de Santiago e Teo, están previstos un total de 15 funcións que se desenvolverán ata a clausura do encontro o vindeiro sábado, 9 de xullo. Esta intensa programación é posible grazas ao financiamento da Xunta de Galicia e da Deputación da Coruña e á colaboración dos concellos de Santiago e Teo e máis as entidades participantes.

A actividade en **Santiago** comezará esta tarde, mércores 6 de xullo, ás 17:30 horas, co espectáculo 'Maxia' de **Charo Pita** na Aula de Pediatría do Hospital Clínico. A función, destinada exclusivamente para o público infantil do CHUS, conta coa colaboración de Asanog (Asociación de Ayuda a Niños Oncolóxicos de Galicia).

No tocante ao xoves, 7 de xullo, a primeira función vai ser á sombra do carballo centenario de Conxo e na compañía da argentina **Victoria Siedlecky**. O espectáculo programado é 'Pequeno país' e está concibido para público familiar e infantil (nenos maiores de 4 anos).

Pola tarde, ás 19 horas, dará comezo o 'Roteiro das desterradas' con **Carme Varela**, autora da premiada obra 'As desterradas' que vai ser o fío condutor deste paseo narrado. Os convites para esta actividade así como para a outra edición prevista para o sábado están esgotados desde hai semanas. Esta actividade conta coa colaboración do Sorriso de Daniel, unha asociación que traballa a prol da divulgación e conservación do románico galego.

Un chisco máis tarde, ás 19:30 horas, o Museo do Pobo Galego acollerá a proxección da curtametraxe documental '**Verbas no ar**' de **Paco Paz e Ernesto Muleiro**. Logo do visionado está previsto un coloquio no que participarán Muleiro e os contadores **Anxo Moure e Celso Fernández Sanmartín**, protagonistas do audiovisual.

A xornada picheleira rematará cunha dobre función na Carballeira de Conxo, a partir das 21:30 horas, protagonizada polas 'Historias de boca a boca' do galego **Dani Blanco** e as 'Yayerías' do valenciano **Félix Albo**.

MARATÓN DE CONTOS

Pero Atlántica segue a espallar contos por toda Galicia e mentres todo isto está a acontecer en Santiago, o xoves tamén haberá espectáculo en **Ourense** con Rilo e Penadique (11:30 h, Praza da República, soportais da Biblioteca Municipal Nós) e mais **Boiro** con María da Pontragha nun enclave singular: o Centro Arqueolóxico do Barbanza - Castros de Neixón (21:30 h).

Mais cómpre visitar a web do festival para estar informado do resto de funcións porque ata o vindeiro 9 de xullo tamén están programadas actividades en Cuntis, Dodro, Ribeira, Campo Lameiro, Paderne, Mondoñedo, Alfoz, Zas, A Pobra do Caramiñal, Outes, Sanxenxo e Carnota ademais de Santiago e Teo.

Festival Atlántica

Atlántica, Festival Internacional de Narración Oral, naceu no ano 2013 con sede en Santiago de Compostela cunha clara vocación de ser un encontro de voces e historias de perfil atlantista. O seu obxectivo inicial era indagar nas raíces das historias do océano, na procura da identidade cultural común do Atlántico e nas historias que se foron difundindo polos camiños do mar. Co paso do tempo este obxectivo ampliouse coa incorporación da rede de festivais do atlántico e a interacción do patrimonio inmaterial das historias co patrimonio material e cultural de Galicia. Na actualidade, Atlántica presenta unha identidade propia e singular que o converte nun referente dentro dos encontros de narración oral da Península Ibérica e de América Latina.

+INFO: <http://festivalatlantica.gal>

KIT DE PRENSA FESTIVAL ATLÁNTICA: <https://cutt.ly/Atlantica2022>

CONTACTO: **Bea Pérez** | 604 070 409 | prensa@festivalatlantica.gal

FESTIVAL ATLÁNTICA | AXENDA 6-9 DE XULLO | SANTIAGO E TEO

SANTIAGO*

MÉRCORES 6 DE XULLO

‘Maxia’ Charo Pita (Galicia)
17.30 h | Aula de Pediatría do Hospital Clínico | En galego

XOVES 7 DE XULLO

‘Pequeno país’ Victoria Siedlecky (Arxentina)
12.30 h | Carballo centenario de Conxo | Infantil e familiar (+4 anos) | En castelán

‘Roteiro das desterradas’ Carme Varela (Galicia) | **ESGOTADA**
19 h | Saída dende a porta da Igrexa de San Paio de Antealtares | Adultos | En galego |
Inscripción previa na web festivalatlantica.gal

Proxección curta documental ‘Verbas no ar’ Coloquio co codirector Ernesto Muleiro, Celso F. Sanmartín e Anxo Moure
19.30 h | Museo do Pobo Galego | Adultos | En galego

‘Historias de boca a boca’ Dani Blanco (Galicia)
‘Yayerías’ Félix Albo (Mediterráneo)
21.30 h | Carballeira de Conxo | Adultos | En galego e castelán

VENRES 8 DE XULLO

'Pequeno país' Victoria Siedlecky (Arxentina)
18 h | Museo do Pobo Galego | Infantil e familiar (+4 anos) | En castelán | **Interpretación en lingua de signos**

'Santiago no tempo' Visita guiada por Manuel Gago, comisario da exposición
19 h | Sede Afundación | Adultos | **ESGOTADA**

'Relatos eróticos' Victoria Siedlecky (Arxentina)
21.30 h | Museo do Pobo Galego | Adultos | En castelán | **Interpretación en lingua de signos**

SÁBADO 9 DE XULLO

'Roteiro das desterradas' Carme Varela (Galicia) | SEGUNDA EDICIÓN | **ESGOTADA**
11 h | Saída dende a porta da Igrexa de San Paio de Antealtares | Adultos | En galego |
Inscripción previa na web festivalatlantica.gal

'As catro estacións de Vivaldi' Concerto conto de ConcertArt e Sole Felloza
12 h | Praza de Cervantes | En galego

CLAUSURA X FESTIVAL ATLÁNTICA

'Paus de cego' Francisco de Romualdo (Galicia)
'O teatro máis pequeno do mundo' Santi Prego e Jorge de Arcos (Galicia)
21.30 h | Fortaleza da Rocha Forte | Adultos | En galego

TEO*

VENRES 8 DE XULLO

'Donas do lugar' María da Pontragha (Galicia)
21 h | Exteriores da Casa Reitoral de Bamonde, fronte á Igrexa | Público familiar | En galego

SÁBADO 9 DE XULLO

'No tempo en que as pontes falaban' Avelino González (Galicia)
21 h | Área recreativa do Xirimbao. Nas inmediacións da Ponte Mariola | Público familiar | En galego

*Programa suxeito a cambios. En caso de choiva, consultar as modificacións na web e/ou redes sociais